

# Análise e comentario de “A vocación de San Mateo” (Caravaggio)

## **Datos técnicos da obra.**

Cronoloxía: 1599-1600

Autor: Michelangelo Merisi, Caravaggio

Estilo: pintura barroca italiana

Localización: Capela Contarelli, Igrexa de San Luís dos Franceses (Roma, Italia)



## **CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.**

A arte barroca esténdese dende principios do século XVII ata mediados do XVIII. Trátase dun estilo ampuloso e recargado, pero moi orixinal e dunha grande personalidade, onde as formas adquiren movemento e predomina o sentido do teatral, co fin de sorprender e deslumbrar ao espectador.

No desenvolvemento deste estilo tivo gran influencia a Igrexa católica, xa que tralo Concilio de Trento (1545-1563), iniciouse a chamada Contrarreforma, que tiña como obxectivo frear a Reforma protestante e reafirmar o dogma católico.

O Barroco, ao igual que o Renacemento, naceu en Italia, e tivo dúas grandes etapas: o primeiro terzo do XVII (fase ligada directamente á Contrarreforma, sendo a pintura o medio artístico idóneo para a expansión destas ideas) e o resto do século XVII (o Barroco pleno).

A pintura barroca adquiriu unha gran categoría e prestixio. As principais características son:

-Os principais clientes foron a Igrexa, a monarquía e a nobreza nos países católicos do sur (Italia e España), mentres que a burguesía holandesa foi o mecenas máis importante nos Países Baixos.

-Gran interese polo naturalismo e a realidade, combinándoo co efectismo e a teatralidade.

-Temática moi variada: escenas relixiosas, de xénero ou temas cotiás, bodegóns ou naturezas mortas, episodios mitolóxicos, retratos individuais e colectivos, paisaxes...

-Importancia do movemento, da tensión, dos contrastes (cromáticos, lumínicos e compositivos).

-Destacado papel da luz, recurso estudado polos artistas do XVII para conseguir un efecto case físico daquela. Por outra banda, a sombra tamén foi moi importante, na chamada escola “tenebrista”, onde as figuras e os obxectos dependen da luz, desvanecéndose ou destacando segundo a debilidade ou intensidade luminosa.

-Predominio da cor sobre o debuxo, de xeito que figuras e obxectos están formados por “manchas”, proporcionando unha aparencia óptica algo vaga e imprecisa.

-Busca do efecto de profundidade e tridimensionalidade, a través de recursos como o emprego de liñas converxentes, escorzos, primeiros planos desmesurados ou moi escuros, xogos de luces, etc, coa finalidade de potenciar a sensación de volume.

-Representación de espazos dinámicos, onde as figuras perden importancia a favor da unidade da escena. O movemento explica que abonden as figuras inestables, os escorzos ou as ondulacións.

-Composicións asimétricas, con numerosos desequilibrios e a suxestión de que a escena continúa máis aló dos límites do marco. Para iso, emprégase a diagonal e as formas “partidas”.

-A técnica máis utilizada foi o óleo sobre lenzo, permitindo pintar cadros de enormes proporcións e recorrer aos posibles retoques posteriores. Tamén se pintaron frescos para cubrir teitos e cobertas.

En canto ás **escolas pictóricas**, destacaron tres: a **pintura barroca católica** (representada polo italiano **Caravaggio** e por artistas españois como Ribera, Zurbarán e Murillo), a pintura barroca holandesa (Rembrandt) e a pintura barroca cortesá (Rubens e Velázquez).

**Caravaggio** e a obra presente representan a primeira escola, onde a **Contrarreforma** tivo un peso decisivo, enfocando a pintura como medio de propaganda do catolicismo. A Igrexa proporcionou normas e tipos de representación a xeito de exemplos morais, para afianzar a fe do crente, tratando as pinturas temas como as virtudes da Virxe, a Paixón de Cristo, a vida monacal, as miragres, os santos, etc.

## ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

Micheangelo Merisi, **Caravaggio** (1571-1610) exemplifica a forte relación entre arte barroca e Contrarreforma. Desenvolveu os seus primeiros pasos en Milán, dentro da tendencia manierista, non conservándose ningunha obra desa etapa de aprendizaxe.

Caravaggio foi un **pintor excepcional**, cunha vida turbulenta, axitada, disoluta, violenta, sempre fuxindo da xustiza, bohemio e atormentado. Instalado en Roma en 1592, traballou en pequenos encargos ao principio da súa carreira. Posteriormente, escaparía de Roma acusado de asasinato, refuxiándose en Malta e regresando a Italia, onde morrería antes de cumprir os corenta anos en estrañas circunstancias, sen deixar discípulos nin fundar ningunha escola. Sen embargo, as súas pinturas tiveron unha gran influencia fóra de Italia.

Foi un artista independente, rebelde, que frecuentaba lugares moi populares, como tabernas ou barrios baixos, de onde sacaba modelos para as súas obras (os seus anxos eran nenos que mendigaban nas rúas; os seus santos, pobres e vagabundos; as súas virxes, mulleres vulgares e correntes, etc). Esta inspiración en tipos populares foi contradictoria, xa que por unha parte a Contrarreforma aceptou ese achegamento á realidade para aumentar o realismo e conseguir un maior impacto relixioso no crente (así o pobo podía ver ós **personaxes sagrados máis cercanos e máis humanos**, sen idealizar rostros nin anatomías, representando os temas relixiosos como se fosen escenas cotiás), pero tamén é certo, que moitos eclesiásticos se escandalizaron pola vulgaridade dos tipos de Caravaggio, por parecer demasiado irrespetuosos cos personaxes relixiosos, presionando ó artista para cambiar os seus modelos populares por outros mellor vestidos e máis decorosos. Iso explica a división a favor ou en contra da súa obra por parte dos mesmos contemporáneos deste pintor.

En todo caso, e a pesar das críticas dos seus contemporáneos, Caravaggio foi un auténtico **innovador** e un **revolucionario da pintura**. Traballou entre finais do s.XVI e principios do s.XVII. A súa xenialidade consistiu nesa novidosa introducción de xentes correntes nos seus cadros; ademais, para aumentar o realismo, colocaba ós seus personaxes nun primeiro plano, mediante **escorzos violentos**, e cunha forte iluminación, para atraer a nosa atención, quedando entre sombras os elementos esenciais. Este foi outro dos piares da súa obra, o **"tenebrismo"**. Consiste en levar ata as súas últimas consecuencias a técnica do claroscuro, con fondos escuros, iluminando so aquelas figuras ou partes dun especial interese para o artista, potenciando o realismo e o dramatismo.

Recreaba un mundo de siluetas vaporosas, de volumes que se perden na escuridade, de personaxes anticlásicos e alonxados de calquera idealismo. Gustaba de empregar un punto de vista elevado, como un contrapicado cinematográfico, conseguindo un efecto de profundidade e unha grandeza inconfundibles nas súas pinturas.

Por outra banda, todos estes efectos intensificábanse polo uso de **composicións diagonais**.

Por último, Caravaggio representaba algunhas das súas figuras como se se moveran ou xesticulasen en dirección ó espectador, o mesmo que fixera Bernini na escultura.

Na súa corta pero intensa vida, a súa obra foi evolucionando, dende as primeiras pinturas de costumes, con escenas sinxelas, moi naturais, con fondos claros e poucas sombras. Posteriormente, foi acentuando o "tenebrismo", con composicións máis movidas e dinámicas, amosando tamén un maior interese polo espacio. Nos seus últimos anos, Caravaggio seguiu buscando o realismo, o volumen e a solidez das figuras, pero tamén concedéndolle un papel máis importante á cor, xa que o acusaban de monocromía. Tamén, os contrastes de luz fixéronse menos violentos, empregando unha luz máis uniforme, conseguindo unha maior profundidade espacial.

"A vocación de San Mateo" é unha das obras mestras de Caravaggio. Un episodio relixioso encargado pola Igrexa de San Luís dos Franceses de Roma. O tema é un episodio do Novo Testamento, o momento no que Xesús, acompañado por San Pedro, entra nunha taberna escolle como novo discípulo a Mateo, na cidade de Cafarnaúm. O pintor representa ao novo apóstolo como un recaudador de impostos ricamente ataviado, acompañado doutros individuos, sentados a unha mesa onde se recontan moedas. Cristo, a figura principal, cunha estatura elevada que destaca a súa figura, efectúa un xesto solemne coa súa man, un xesto que recorda moito á escena da creación de Miguel Anxo na Capela Sixtina.

A escena resulta bastante sobria, ofrecendo dous grupos de figuras, unidos polo xesto da man de Cristo. Mateo parece ser o único en comprender que Cristo se dirixe a el, polo que recolle o xesto e sinálase a sí mesmo, sorprendido ante a inesperada chamada. É como se houbera unha corrente invisible entre a man de Cristo, onde se concentra a nosa atención e a figura de Mateo.



Os personaxes sagrados tamén están pintados seguindo modelos populares, para aumentar a identificación entre o espectador e a mensaxe relixiosa. Non hai un gran efecto de movemento físico, pero sí apreciamos a teatralidade e expresividade dos xestos e dos rostros dos personaxes.

Neste óleo sobre lienzo a luz resalta con firmes contrastes os corpos dos personaxes, mentres que o fondo baleiro e tenebroso enche de misterio a escena, como o resplandor dun lóstrego na noite ou un raio de sol que se filtra nunha habitación en penumbra pola ranura dunha porta mal encaixada.

Caravaggio desenvolve o relato bíblico nunha escena de interior: é unha estancia lóbrega, onde sitúa a San Mateo e aos seus catro compañeiros, sentados arredor dunha mesa, mentres que Cristo e San Pedro aparecen de pé, na parte esquerda do lenzo. Xesús extendo o seu brazo e sinala co dedo índice ao apóstolo elixido.

A obra é moi novidosa por diferentes aspectos:

Na composición hai que destacar a orixinal distribución dos personaxes e do espazo. O cadro aparece dividido en dúas zonas horizontais, a inferior chea de figuras e a superior coa parede e unha ventá.

Ao mesmo tempo, apreciamos varias liñas compositivas, como unha serie de horizontais e verticais, compostas polas ventás e as cabezas dos personaxes. Esas liñas contrarrestanse cunha serie de diagonais, a principal a da luz lateral dereita e outras secundarias que vemos na espada e nas pernas dos personaxes sentados.

Os personaxes están situados na metade inferior do lenzo, mentres que o terzo superior está baleiro, con so unha fiestra cega, por riba das cabezas dos protagonistas. A contraventá determina un amplo espazo, sumido na escuridade, mentres que os vidros e o muro restante aparecen iluminados por un foco de luz que se proxecta dende a parte superior

dereita, nun plano superior a Cristo e San Pedro, a unha altura determinada e por un lugar oculto ao espectador. Vemos que a luz non emana do Mesías, como sería habitual, senón dunha fonte invisible. É unha luz ambarina e dourada, irreal, que funciona como centro de atención do cadro, pola sensación inquietante, facendo que o tema principal (a vocación de San Mateo), pase a un segundo plano. Dito foco ilumina a retazos a escena, determinando violentos contrastes de luces e sombras, reforzando o dramatismo da escena. O foco luminoso simboliza a irrupción do sagrado na esfera terreal, recollendo as olladas e xestos dos personaxes, que cobran grazas a ela volumen e plasticidade. Ademais, a luz dá unha sensación de que a escena se prolonga máis aló do cadro e introduce unha certa tensión no ambiente; é unha luz que cruza o cadro en diagonal, similar ó foco dun teatro, moi escenográfica, iluminando e destacando selectivamente os rostros e as mans dos personaxes, especialmente a cara e as mans de Mateo, que destacan nítidamente sobre as súas roupas negras, e tamén fai destacar a man de Cristo e parte do corpo de San Pedro.

Trátase dun elemento moi característico do Barroco. E como se a luz fixera saír ás formas das sombras, que emerxen dese fondo escuro, de tal maneira que as figuras non presentan un contorno definido, xa que algunhas das súas partes se atopan sumidos nas penumbras. Créanse así grandes contrastes de luces e sombras, con zonas en total escuridade, como a parte inferior do cadro, onde non apreciamos os pés dos personaxes ou a parte superior esquerda, sen ningunha visibilidade.

A iconografía tamén é moi orixinal. Caravaggio non representa o feito de xeito tradicional. Así, os personaxes do cadro visten anacrónicamente á moda do século XVI. A estancia non é un local de recaudación de impostos do século I, senón o reservado dunha típica taberna. Mateo e os seus compañeiros, máis que funcionarios públicos traballando, semellan máis tahúres repartíndose as ganancias despois dunha partida de cartas. Recorda o ambiente dunha novela picaresca, un lugar de mala nota, algo coherente para o pensamento artístico de Caravaggio, que ten presente a mensaxe do Mesías de salvar aos pecadores. Por outra banda, trátase dun escenario moi cercano ao artista, un antro representativo dos baixos fondos que tan ben coñecía o pintor.

## CONCLUSIÓN

Cóntase que Caravaggio gostaba de traballar nun soto por onde entraba unha única luz, á altura do teito, envolvendo a estancia nunha tibia penumbra, o que explica o efecto "tenebrista" da súa obra e dos seus seguidores. Igualmente, o foco de luz diagonal representa, de foma simbólica, o triunfo da divinidad sobre a escuridade.

Por outra banda, esta obra representa moi ben o populismo da realidade que reflicten as súas pinturas, opostas ao idealismo aristocrático doutros autores, preferindo Caravaggio un estilo máis vitalista e efectista.